



## CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
3584/2018	La Junta de Gobierno Local

**Isabel M<sup>a</sup> Rodriguez Salgado, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,**

**CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 8 de agosto de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

### **Expediente 3584/2018. Procedemento de Contratación**

#### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN DO PARQUE DO FIDALGUIÑO**

Visto que, mediante Providencia de data 30 de xullo de 2018, acreditouse a necesidade desta Entidade de contratar a reparación do muro de contención do parque do Fidalguiño polo que se pediu presuposto a tres empresas.

Visto que se emitiu informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitiuse informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que se emitiu Informe-Proposta de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO.** Levar a cabo o Contrato menor obras para a reparación o muro de contención do parque do Fidalguiño por un importe 14.172,91 e 2976,31 euros de IVE á empresa Construcciones Alva, SL

**SEGUNDO.** O obxecto do presente contrato é a reparación do muro de contención do parque do Fidalguiño

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto con cargo á aplicación da partida correspondente

**CUARTO.** En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

DIR3 Código de Entidade	L01320087
DIR3 Órgano de tramitación	L01320087



# Concello de Barbadás

DIR3 Oficina Contable	L01320087
DIR3 Órgano proponente	L01320087

QUINTO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

SEXTO. Notificar a resolución ao adxudicatario

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.<sup>o</sup> B.<sup>o</sup> do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**